COLEXIO OFICIAL DA ENXEÑARÍA TÉCNICA FORESTAL DE GALICIA
R/ SÁNCHEZ FREIRE, Nº 64 – BAIXO DEREITA
15706 SANTIAGO DE COMPOSTELA (A CORUÑA)
TELF.: 981/520077
E-MAIL: coetfoga@forestaisgalicia.es
WEB: www.forestaisgalicia.es

NORMATIVA DE VISADO E DILIXENCIADO DE LIBROS

DO

COLEXIO OFICIAL DA ENXEÑARÍA TÉCNICA FORESTAL DE GALICIA

ÍNDICE

1.- CONCEPTOS páx.2

2.- COMPETENCIAS DO COETFG páx.5

3.- OBRIGATORIEDADE DO VISADO E DILIXENCIADO DE LIBROS páx.6

4.- REQUISITOS DAS E DOS PROFESIONAIS E DAS SOCIEDADES PROFESIONAIS páx.7

5.- MODALIDADES DE VISADO páx.9

6.- PRAZOS DE ENTREGA páx.10

7.- FACTURACIÓN E TARIFAS páx.11

8.- PROCEDEMENTO DE VISADO OU REXISTRO DOCUMENTAL páx.13

9.- REQUISITOS MÍNIMOS DO TRABALLO A VISAR OU REXISTRAR páx.15

10.- LIBROS DE ORDES E INCIDENCIAS páx.17

11.- FORMAS DE PAGO páx.19

12.- TRAMITACIÓN DO COBRO DE HONORARIOS E MEDIACIÓN CLIENTE-COLEXIADO/A páx.20

13.- SUBSTITUCIÓNS, INTERFERENCIAS E OUTRAS INCIDENCIAS páx.22

14.- RESERVA DO VISADO E PROPIEDADE INTELECTUAL páx.24

15.- ARQUIVO DE EXPEDIENTES E ACCESO Á DOCUMENTACIÓN páx.25

16.- RECURSOS PREVIOS Á VÍA XUDICIAL páx.26

ANEXO I.- ***DECLARACIÓN XURADA PARA TRÁMITES DE VISADO E DILIXENCIADO DE LIBROS***
ANEXO II.- ***DOCUMENTOS MÍNIMOS ESIXIBLES SEGUNDO A TIPOLOXÍA DOS TRABALLOS A VISAR***

1.- CONCEPTOS

1.1- CONCEPTO DE VISADO OU REXISTRO DOCUMENTAL:

Definición de Visado/Rexistro Documental:
O visado ou Rexistro dos distintos documentos técnicos, é o acto a través do cal o Colexio Oficial da Enxeñaría Técnica Forestal de Galicia, en adiante COETFG, dá validez aos documentos profesionais asinados por Enxeñeiras e Enxeñeiros Técnicos Forestais ou titulación que o substitúa e que ten por obxecto:

Acreditación de autoría:

- Acredita a identidade, expresada mediante o pé de firma con: nome e apelidos, titulación, nº de colexiada ou colexiado e sinatura orixinal. No caso das Sociedades Profesionais esta identidade expresarase mediante a identificación fiscal (nome, CIF e nº Colexial da sociedade).
- Que o profesional colexiado ou colexiada conta cun título legalmente recoñecido ou homologado que o habilita para a realización do traballo.
- Que está Colexiada ou Colexiado o e cumpre coa normativa colexial.
- Que non existe inhabilitación colexial para o exercicio da súa profesión.
- Que non existe incompatibilidade legal para a realización do traballo presentado, que fora notificada a este Colexio.

Acreditación sobre o traballo:

- Que o traballo entra dentro das competencias deste Colexio.
- Que cumpre coa Normativa Colexial.
- Que cumpre coa normativa legal sobre composición documental e grao de especificación en correspondencia co obxecto do encargo profesional recibido.
- Que cumpre as normas e regulamentos oficiais cuxa vixilancia e observancia fora atribuída por disposición expresa a este Colexio.
- Que reúne os documentos necesarios para que se poida interpretar e/ou executar correctamente.
- Que cumpre os requisitos formais, contando coa presentación axeitada e adecúa os seus obxectivos ao título do traballo.
- Que existe constancia colexial dos documentos suxeitos a visado, existindo copia nos arquivos do Colexio.

O visado e o rexistro documental diferéncianse unicamente en que o Rexistro Documental non conta co Seguro de Responsabilidade Civil Profesional do COETFG, polo que as Tarifas Administrativas do trámite se reducen considerablemente.

O visado ou rexistro documental en ningún caso comprenderá os honorarios nin o resto de condicións contractuais, os cales quedan sometidos ao libre acordo entre as partes.

Non obstante ás funcións expresadas do visado ou rexistro documental, a colexiada ou colexiado asinante é a única persoa responsable da calidade técnica do traballo que realiza e do seu axuste á normativa sectorial correspondente.

O Colexio responde da corrección formal e legal da documentación integrante do traballo, pero non das previsións, cálculos e conclusións que integran o mesmo.

No caso de danos derivados dun traballo profesional que fora visado polo Colexio, no que resulte responsable o autor do mesmo, o Colexio responderá subsidiariamente dos danos que teñan a súa orixe en defectos formais ou técnicos que razoablemente deberan ter sido postos de manifesto polo Colexio ao visar o traballo profesional, e que garden relación directa cos elementos que foran visados neste traballo concreto.

En todo caso, o visado e o rexistro documental expresarán claramente cal é o seu obxecto, detallando qué extremos son sometidos ao control e informará sobre a responsabilidade que asume o Colexio.

1.2- CONCEPTO DE DILIXENCIADO DE LIBROS:

Definición de Dilixenciado de Libros:
O Dilixenciado dos distintos Libros, é o acto a través do cal o COETFG dá validez legal aos distintos libros de dirección utilizados polos colexiados e colexiadas. Dita validez exprésase a través das correspondentes dilixencias ou disposicións de trámites nas que se lle fai constar algunha formalidade de execución, e que se recollen na primeira páxina do mesmo.

Información Xeral sobre Dilixenciado de Libros de Ordes:

- O Decreto nº 462/1.971, de 11 de Marzo de 1971 (BOE 24/03/1.971) que dita as normas sobre redacción de proxectos e direccións de obras de edificación de calquera tipo especifica que: *"En toda obra de edificación, será obrigatorio o Libro de Ordes, no que os Técnicos Superior e Medio (se os houbera) deberán apuntar as incidencias, ordes (ao construtor) e asistencias que se produzan no desenvolvemento da obra".*

- O Libro de Ordes será facilitado e dilixenciado polo COETFG, cando a Enxeñeira ou Enxeñeiro Director da Obra comunique o comezo da obra e **tramite a solicitude do mesmo** a través do programa de e-visado.

- Ao finalizar as obras, o Libro coas **follas brancas** cumprimentadas, deberá presentarse no Colexio (que anotará a data) co correspondente CERTIFICADO FINAL DE OBRA.

Información Xeral sobre Dilixenciado de Libros de Incidencias:

- Segundo o artigo 13 do "*Real Decreto 1.627/1.997, de 24 de outubro, de disposiciones mínimas de seguridad y salud en las obras de construcción"*, existirá un Libro de Incidencias en cada centro de traballo cos fins de control e seguimento do plan de seguridade e saúde.

- O Libro de Incidencias será facilitado por:

  a) O Colexio profesional ao que pertenza o técnico/a que aprobara o Plan de Seguridade e Saúde, é dicir a coordinadora ou o coordinador de seguridade e saúde. Para elo a ou o Coordinador de S.S. deberá tramitar a solicitude do mesmo a través do programa de e-visado.

  b) A Oficina de Supervisión de Proxectos u órgano equivalente cando se trate de obras das administracións públicas.

- O Libro de Incidencias, que deberá manterse sempre na obra, estará en poder da coordinadora ou coordinador en materia de seguridade e saúde durante a execución da obra ou, cando non fora necesaria a designación da ou do coordinador, en poder da dirección facultativa. A dito libro terán acceso a dirección facultativa da obra, as e os contratistas e subcontratistas e as e os traballadores autónomos, así como as persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervintes na obra, as e os representantes das e dos traballadores e as ou os técnicos dos órganos especializados en materia de seguridade e saúde no traballo das administracións públicas competentes, quen poderán facer anotacións no mesmo, relacionadas cos fins que o libro se lle recoñecen.

- Efectuada unha anotación no libro de incidencias, a coordinadora ou o coordinador en materia de seguridade e saúde durante a execución da obra ou, cando non sexa necesaria a designación deste, a dirección facultativa, estarán obrigados a remitir, no prazo de vinte catro horas, unha copia á Inspección de Traballo e Seguridade Social da provincia na que se realiza a obra. Igualmente deberán notificar as anotacións no libro ao contratista afectado e aos representantes dos traballadores deste.

2.- COMPETENCIAS DO COETFG

O COETFG, réxese polo Decreto 147/2.022, do 4 de agosto, no que se aproban os seus estatutos ou posteriores modificacións.

Ditos estatutos establecen que corresponde ao COETFG, visar os documentos relacionados cos traballos profesionais das Enxeñeiras e Enxeñeiros Técnicos Forestais ou titulación que o substitúa, ademais de esixir os visados en todos aqueles casos nos que resulte obrigatorio segundo a normativa aplicable na materia.

O COETFG será competente para visar traballos profesionais que se desenvolvan en todo o Estado Español, segundo o disposto no Real Decreto 1000/2.010, de 5 de agosto, nos seguintes casos:

- Visado Voluntario.

- Visado Obrigatorio:
  1. Aqueles traballos profesionais recollidos no Artigo 2 do Real Decreto 1.000/2.010.
  2. Aqueles traballos profesionais, cando así o solicite voluntariamente o cliente, incluída a Administración Pública.

Así mesmo o Rexistro Documental será sempre voluntario.

COMISIÓN DE VISADO

Corresponde á Xunta de Goberno visar e esixir o visado dos documentos relacionados cos traballos profesionais que se desenvolvan no ámbito territorial do Colexio.

Dito órgano poderá delegar a función de visado nun ou en varios membros da Xunta de Goberno, na Xerencia do Colexio ou nunha comisión creada a tal efecto.

3.- OBRIGATORIEDADE DO VISADO E DILIXENCIADO DE LIBROS

Os profesionais da Enxeñería Técnica Forestal ou titulación que a substitúa, están obrigados a someter ó visado colexial toda clase de traballos profesionais que realicen no libre exercicio da profesión, naqueles supostos enumerados no Artigo 2 do Real Decreto 1.000/2.010, de 5 de agosto, sobre visado colexial obrigatorio, así como naqueles nos que exista petición expresa do cliente en tal sentido.

Esta obrigatoriedade de visado farase extensible tamén aos traballos profesionais realizados polas colexiadas e colexiados para as administracións públicas, cando estas, total ou parcialmente, remuneren ditos servizos en concepto de honorarios profesionais, salvo naqueles supostos previstos no Artigo 4 do Real Decreto 1.000/2.010, de 5 de agosto, sobre visado colexial obrigatorio.

Non terá o concepto de exercicio libre o traballo profesional realizado para as administracións públicas polos colexiados ligados a elas por unha relación laboral ou estatutaria, en razón do cargo ou función que desempeñan.

A tal efecto, non se consideran Administracións Públicas as empresas públicas que se rexen polo dereito privado.

Cando un traballo profesional estea sometido a visado obrigatorio, este deberase obter antes de presentalo ante a Administración Pública competente. En ningún caso será posible o visado posterior a esa presentación.

No suposto de traballos profesionais con contido multicompetencial, ou en colaboración con outros titulados ou tituladas, a persoa colexiada asinante do mesmo dirixirase ao COETFG para obter o visado, cando este Colexio resulte competente na materia principal do traballo profesional, sendo nestes casos, a colexiada ou o colexiado do COETFG asinante o responsable do conxunto do traballo.

Segundo a "*Ley 2/2007, de 15 de marzo, de sociedades profesionales"*, o COETFG poderá expedir o visado en favor de sociedades profesionais, que estean compostas por profesionais colexiados e colexiadas, e sempre e cando o contido do traballo entre dentro das competencias deste Colexio.

4.- REQUISITOS DA/DO PROFESIONAL E DAS SOCIEDADES PROFESIONAIS

4.1.- COLEXIACIÓN OU HABILITACIÓN

REQUISITOS DAS E DOS PROFESIONAIS

Para proceder a tramitar un visado será requisito imprescindible ter presentado a Declaración Xurada, que se recolle no **ANEXO I** da presente normativa. Este documento terá validez durante o ano en curso.

No caso de que unha colexiada ou colexiado que desexe actuar puntualmente no ámbito territorial doutro Colexio deberá comunicalo previamente ao Colexio de orixe. Correspóndelle ao Colexio de orixe a expedición da "Certificación Colexial", consistente nunha certificación de colexiación, na que se exprese que está ao corrente das súas obrigas e cargas colexiais e a inexistencia de inhabilitación profesional. Esta certificación terá validez durante o ano natural en curso.

As e os habilitados abonarán, nas mesmas condicións que as e os colexiados, os dereitos económicos correspondentes ao visado dos seus traballos no Colexio que emita o visado.

Durante a súa actuación profesional, as e os habilitados quedan suxeitos ao réxime disciplinario vixente no Colexio oficial que realiza o visado.

No caso das e dos colexiados que actúen como Técnicos de Prevención de Riscos Laborais, estes deberán presentar ademais o orixinal do título oficial de Técnico de Prevención de Riscos Laborais ou a correspondente copia compulsada.

As e os profesionais establecidos en calquera outro Estado membro da Unión Europea deberán visar os seus traballos profesionais, cando presten servicios en España en réxime de libre prestación sen establecemento, nos mesmos termos que os profesionais españois.

Neste suposto, cando a realización profesional estea sometida a visado obrigatorio, bastará, a efectos de acreditación da identidade e habilitación do seu autor que debe realizar o Colexio para visar, a comunicación que a ou o profesional realizará con motivo do seu desprazamento, de acordo co previsto na normativa sobre recoñecemento de cualificacións profesionais.

REQUISITOS DAS SOCIEDADE PROFESIONAIS:

En relación ás Sociedades Profesionais, e atendendo ao disposto na *"Ley 2/2.007, de 15 de marzo, de Sociedades Profesionales",* será requisito imprescindible que as Sociedades se atopen inscritas no Rexistro de Sociedades Profesionais do COETFG.

Ademais deste requisito serán de aplicación os requisitos establecidos no apartado anterior.

4.2.- REQUISITOS ADMINISTRATIVOS PARA O EXERCICIIO DA PROFESIÓN

4.2.1- ALTA NA SEGURIDADE SOCIAL

As/os profesionais que presenten a visado documentos ou traballos, actúen de maneira individual ou asociada, por conta propia ou contratados ao servizo de entidades ou sociedades, deberán estar dados de alta no réxime que corresponda da seguridade social, xa sexa como autónomos, se son traballadores por conta propia, ou ben no réxime xeral, se son contratados por conta allea.

4.2.2- MODALIDADE DE EXERCICIO PROFESIONAL:

As/os profesionais deberán adoptar algunha das seguintes alternativas:

a. En exercicio libre da profesión (autónomo/a).

b. En Sociedade Profesional.

c. Como asalariado/a dunha empresa ou entidade.

As/os profesionais deberán exercer a súa profesión persoalmente, sen prexuízo de que poidan constituír, no seu caso, sociedades, asociacións ou agrupacións de carácter indefinido ou temporal.

Os traballos serán asinados co seu nome, apelidos, titulación e número de colexiada ou colexiado, pola persoa colexiada responsable dos mesmos, podendo ser asinados por varios no caso de que dita responsabilidade sexa compartida, en particular, cando por razón de especialidade sexa preciso.

No caso de sociedades profesionais poderán, ademais, ir subscritos pola propia sociedade, recolléndose a identificación fiscal da mesma e o correspondente número colexial.

4.2.3- REQUISITOS FISCAIS:

Os profesionais deberán atoparte ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

5.- MODALIDADE DE VISADO E DILIXENCIADO DE LIBROS DE ORDES E INCIDENCIAS

Para poder acceder a este sistema a ou o profesional ou sociedade profesional deberá dirixirse ao COETFG e solicitar o seu Identificador e a súa clave persoal de acceso á plataforma dixital e-colexio, ou ben directamente dende a sección e-visado, ambas asociadas á web do COETFG www.forestaisgalicia.es , así como o Manual do programa de e-visado.

Mediante este sistema as usuarias ou usuarios acceden a un entorno web a través do que se conectan co servidor do COETFG, permitíndolles o trámite de solicitudes de Visado, Rexistro Documental e Dilixenciado de Libros de Ordes e Incidencias dende calquera punto xeográfico a través dunha comunicación telemática.

Do mesmo xeito, o sistema permite o envío de documentos para o seu visado e/ou rexistro documental e a devolución dos mesmos en formato PDF protexido.

No caso dos Libros de Ordes e Incidencias o sistema permite a solicitude do dilixenciado dos libros, que unha vez tramitados se entregan en formato papel á persoa solicitante.

6.- PRAZOS DE ENTREGA

Establécense os seguintes PRAZOS MÁXIMOS de entrega, que poderán reducirse sempre e cando o traballo interno do Colexio así o permita:

VISADO / REXISTRO DOCUMENTAL
Trámite Xeral: - Os traballos entregaranse nun prazo máximo de **16 horas de oficina**.
Casos Especiais: - Para os Proxectos de Ordenación de Montes e Plans Técnicos de Xestión de Montes, establécese un prazo de tramitación do visado **40 horas de oficina.**
Trámite Urxente: **(Deberá marcarse a correspondente pestana na solicitude de visado ou rexistro documental)** - Os traballos entregaranse nun prazo máximo de **8 horas de oficina**. - Para os Proxectos de Ordenación de Montes e Plans Técnicos de Xestión de Montes, establécese un prazo de tramitación do visado **urxente de 16 horas de oficina.**

DILIXENCIADO DE LIBROS DE ORDES OU DE INCIDENCIAS
Trámite Xeral: - Os LIBROS entregaranse nun prazo máximo de **16 horas de oficina**. - No caso de solicitar o envío dos mesmos por mensaxería, o Colexio non se fai responsable do tempo de entrega, nin dos custes de envío.
Trámite Urxente: **(Deberá indicarse no cadro correspondente na solicitude de dilixenciado de libros de ordes e incidencias)** – Os libros entregaranse nun prazo máximo de **8 horas hábiles**.

NOTA: A existencia de prazos de entrega de documentos coincidentes para un gran número de traballos profesionais, como pode ser o caso de ordes de axuda e subvencións, poderá xustificar o establecemento doutros prazos de entrega de visados por parte da comisión de visados do COETFG.
Nestes casos rexerá a normativa específica establecida.

7.- FACTURACIÓN E TARIFAS

FACTURACIÓN:

A facturación dos visados realizarase única e exclusivamente os seguintes interesados:

- Profesionais Autónomos que estean dados ou dadas de alta nos Epígrafes correspondentes ás competencias dos colexiados, como pode ser o 022.
- Entidades que estean dadas de alta nos Epígrafes correspondentes ás competencias dos colexiados, como pode ser o 841.1.

TARIFAS:

As tarifas de visado, rexistro documental e dilixenciado de libros, son propostas por acordo da Xunta de Goberno e posteriormente ratificadas pola Asemblea Xeral.

Así mesmo serán obrigatoriamente revisadas e actualizadas no mes de xaneiro de cada ano en función do incremento do IPC e do acordo da Asemblea Xeral.

As tarifas de visado vixentes en cada momento se farán públicas na páxina web do COETFG: www.forestaisgalicia.es .

A Xunta de Goberno terá potestade para establecer as tarifas correspondentes a traballos non recollidos na presente normativa, sempre de carácter provisional ata a correspondente ratificación da Asemblea Xeral.

CONDICIÓNS ESPECÍFICAS DOS DOCUMENTOS MODIFICADOS

Definición de Modificado:

Considerarase “modificado” aquel documento que cumpra algún dos seguintes aspectos:

- Que **non existan** cambios na persoa autora ou autores do mesmo. No caso de que o documento modificado veña subscrito por distinto autor ou autora, é requisito imprescindible acompañar a autorización da persoa autora do documento orixinal.

- Que presente unha **variación do presuposto de execución material < do 10 %** respecto o orixinal.

- Que **non presente cambios que alteren a esencia** do traballo, tales como os que se relacionan:

- Variacións no % de superficie, que supoñan máis do 15 %.
- Cambios nos métodos de traballo, exemplo roza manual por roza mecanizada.
- Modificación da planificación ou métodos de cálculo ou ordenación.

Tipos de modificados:

1. Modificado dun documento completo.

2. Anexo de documentación ou corrección de erros.

3. Modificados de erros tipográficos que non condicionen o carácter técnico do documento.

Trámites de visado dun modificado:

> De xeito xeral requirirase o mesmo que para un visado normal.

> No caso de que o "documento inicial" non fose visado no COETFG, o solicitante deberá acompañar á solicitude de visado, unha copia de dito documento.

8.- PROCEDEMENTO DE VISADO/REXISTRO DOCUMENTAL

VISADO /REXISTRO DOCUMENTAL

1. SOLICITUDE / PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS

Para acceder ao sistema de visado electrónico, a colexiada ou colexiado, unha vez conectado a Internet, deberá acceder á páxina web do Colexio www.forestaisgalicia.es, onde atopará un enlace directo a e-colexio (zona restrinxida por medio de datos de acceso facilitados polo COETFG para cada usuario ou ben mediante certificado dixital). O acceso a e-colexio deberase facer a través da opción "Acceso Colexiado".

Unha vez dentro de e-colexio deberá acceder a "e-visado >> Visado / Rexistro >> Novo visado ou ben Novo Rexistro Documental"
Deberá cumprimentar a Solicitude e remitir o documento.

O documento a visar/rexistrar, deberá enviarse en formato PDF, nun único arquivo, debendo comprender ademais a totalidade de documentos que se mencionan no traballo.

2. REXISTRO DE SOLICITUDES

A colexiada ou colexiado poderá consultar o estado das solicitudes na sección e-colexio>e-visado > Visado/ Rexistros.

O trámite pode seguir as seguintes vías:

SOLICITUDE ACEPTADA:
Outórgase un NÚMERO DE VISADO ou REXISTRO DOCUMENTAL, quedando constancia ademais da data e hora de rexistro.

SOLICITUDE DENEGADA:
No caso de que a solicitude non acompañe os documentos correspondentes ou presente algunha incidencia importante, a comisión de visado poderá denegala, motivando dita resolución.
Neste caso o solicitante deberá emendar os erros e remitir unha nova solicitude.

3. REVISIÓN E TRÁMITE DE VISADO

- **COMPROBACIÓN DA SOLICITUDE E CORRECCIÓN DE DATOS.**

- **COMPROBACIÓN DO SOLICITANTE:** Implica a comprobación por parte do Colexio dos seguintes aspectos:
  - *Colexiación (no caso de outros Colexios profesionais requirirase a **"Certificación Colexial"**).*
  - *Declaración Xurada sobre o exercicio da profesión.*
  - *Inexistencia de débedas co COETFG.*

  O incumprimento dalgún dos apartados descritos implica a paralización do trámite de visado ata que o solicitante emende ditas incidencias.

- **REVISIÓN DO TRABALLO:**
  A comisión de visado, revisará o documento segundo os criterios recollidos no apartado 9 da presente normativa, resolvendo as seguintes situacións:

  TRÁMITE ACEPTADO: P*rocédese ao visado ou rexistro do traballo.*

  TRÁMITE DENEGADO: *A comisión de visado informará á persoa solicitante das deficiencias que presenta o documento. A persoa solicitante poderá reenviar o documento unha vez corrixido, procedendo a comisión de visado a unha nova revisión documental.*

- **VISADO OU REXISTRO DO TRABALLO:** Implica o selado do documento, facendo constar o número de visado ou rexistro e a data do trámite.

- **FACTURACIÓN DO SERVIZO:** Realizarase segundo o disposto no apartado 7 desta normativa.

- **RETIRADA DO TRABALLO:** Poderá efectuarse unha vez que se cumpra co descrito no apartado 11 desta Normativa.

9.- REQUISITOS MÍNIMOS DO TRABALLO A VISAR OU REXISTRAR

CONDICIÓNS XERAIS

SINATURA:

Todas e todos os profesionais redactores subscribirán a documentación do traballo profesional na que tiveran intervido, a través do "Pé de Firma".

No caso das sociedades profesionais bastará coa identificación da Sociedade no correspondente "Pé de Firma".

PÉ DE FIRMA OU IDENTIFICACIÓN DO AUTOR/ES:

O pé de firma debe sempre identificar ao autor ou autores do documento e contará coa seguinte información:

- *No caso de profesionais colexiados:*
  - *> Lugar e data de emisión do documento.*
  - *> Nome e apelidos da ou do autor/es.*
  - *> Titulación da ou do autor/es.*
  - *> Nº de colexiada ou colexiado e colexio profesional ao que pertence.*
- *No caso de sociedades profesionais:*
  - *> Lugar e data de emisión do documento.*
  - *> Identificación Fiscal da Sociedade.*

O pé de firma deberá aparecer como mínimo nos documentos contractuais do traballo: Portada (se procede), Memoria, Planos, Estudo de Seguridade e Saúde ou Estudo Básico de Seguridade e Saúde, Prego de Condicións, Orzamento, Estudo de Impacto Ambiental, así como outros documentos básicos que foran requiridos.

Os Anexos non terán carácter contractual, xa que o seu contido baséase na recompilación de documentos que amplían ou xustifican a información exposta anteriormente.

DATAS:

Os documentos deberán visarse coa data da súa emisión, que será normalmente a data actual ou como máximo de 2 meses anteriores á mesma, salvo aqueles casos supeditados a expedientes disciplinarios do propio COETFG, e/ou suxeitos a procedementos xudiciais ou tramitacións administrativas. Neste caso deberán acreditar a dita situación (Ex.: Documento de Rexistro de Entrada da administración, Documento de aprobación, etc.).

A data de visado será sempre a actual e sempre posterior ou coincidente coa data do documento a visar.

PRESENTACIÓN:

- *Os documentos deberán presentarse sempre debidamente encadernados.*

- *Sempre que o documento o permita contarán cunha PORTADA, que como mínimo recollerá a seguinte información:*
  - *> Título do traballo.*
  - *> Localización do traballo.*
  - *> Identificación da entidade ou persoa promotora.*
  - *> Identificación da ou do autor/es.*
  - *> Data.*

- *Ademais, sempre que o documento o permita, contarán cun "ÍNDICE DE CONTIDOS".*

- *Cando o documento acompañe PLANOS, estes deberán presentarse en tamaño normalizado e co caxetín correspondente.*

Dito caxetín conterá, como mínimo a seguinte información:

- *-Título do traballo.*
- *-Localización do traballo.*
- *-Nº ou referencia do plano.*
- *-Título do plano.*
- *- Identificación da ou do autor/es.*
- *-Data.*
- *-Escala.*

- *Cando o documento acompañe o Resumo de Orzamento ou Valoracións Económicas, o importe final deberá reflectirse en Letra e en Cifra, tanto na Memoria como no Orzamento u outros documentos que desenvolvan esta información.*

DOCUMENTOS MÍNIMOS ESIXIBLES SEGUNDO A TIPOLOXÍA DOS TRABALLOS A VISAR

Recollidos no **ANEXO II** da presente normativa.

10.- PROCEDEMENTO DE DILIXENCIADO DE LIBROS DE ORDES E INCIDENCIAS

DILIXENCIADO DE LIBROS DE ORDES E INCIDENCIAS

1. SOLICITUDE DE DILIXENCIADO DE LIBROS

Para acceder ao sistema de visado electrónico, a colexiada ou colexiado, unha vez conectado a Internet, deberá acceder á páxina web do Colexio www.forestaisgalicia.es, onde atopará un enlace directo a e-colexio (zona restrinxida por medio de datos de acceso facilitados polo COETFG para cada usuario ou ben mediante certificado dixital). O acceso a e-colexio deberase facer a través da opción "Acceso Colexiado".

Unha vez dentro de e-colexio deberá acceder a "e-visado/Libros/Libro Incidencias ou Libro de Ordes". Debe cumprimentar a Solicitude neste apartado.

2. REXISTRO DE SOLICITUDES

O trámite pode seguir as seguintes vías:

SOLICITUDE ACEPTADA:
Outórgase un NÚMERO DE REXISTRO DA SOLICITUDE, quedando constancia ademais da data e hora de rexistro.

SOLICITUDE DENEGADA:
No caso de que a solicitude non acompañe os documentos correspondentes ou presente algunha incidencia importante, o departamento de visado poderá denegala, expoñendo por escrito os motivos que levan a esta resolución.
Neste caso o solicitante deberá emendar os erros e remitir unha nova solicitude.

3. REVISIÓN E TRÁMITE

- **COMPROBACIÓN E CORRECCIÓN DE DATOS**

- **COMPROBACIÓN DOS TRÁMITES PREVIOS:**
  Previamente ao dilixenciado de libros deberán constar no Colexio os documentos indicados:
  - **No caso dos Libros de Ordes**:
    - Nomeamento da persoa directora de obra.
  - **No caso dos Libros de Incidencias:**
    - Nomeamento da persoa coordinadora de seguridade e saúde.
    - Acta de aprobación do plan de seguridade e saúde (que poderá acompañar un anexo co Plan de Seguridade e Saúde aprobado)**.**
    * Para Libros de Incidencias de Obras de Avarías a presentación do Nomeamento e da Acta se efectuará unha vez finalizada a intervención da persoa Coordinadora. De non ser o caso o COETFG non dará cobertura xurídica ao Profesional neste trámite.

- **DILIXENCIADO DO LIBRO:**
  A comisión de visado procederá a cumprimentar a primeira folla do Libro, quedando unha copia no arquivo documental do Colexio. Ademais dos datos relativos á obra farase constar o número de dilixenciado do libro.

- **FACTURACIÓN DO SERVIZO:**
  Realizarase segundo o disposto no apartado 7 desta normativa.

- **RETIRADA DO LIBRO:**
  Poderá efectuarse unha vez que se cumpra co descrito no apartado 11 desta Normativa.

11.- FORMAS DE PAGO

FORMAS DE PAGO:

O pago de visados poderá efectuarse polas seguintes vías:

- **Ingreso na conta bancaria indicada na factura de visado.**
  ** Imprescindible efectuar o pago e achegar o correspondente xustificante, previo á retirada do documento visado ou do libro.

- **Domiciliación bancaria.**
  ** Imprescindible ter domiciliado o pago de visados a través do impreso oficial disposto a tal efecto.
  ** Neste caso os documentos visados serán liberados unha vez visados, e os cargos en conta efectuarase na primeira semana do mes seguinte, previa notificación por correo electrónico.

CONSECUENCIAS DO INCUMPRIMENTO DE PAGOS:

1. Establécese 1 mes como prazo máximo para o pago de facturas.

2. O COETFG non procederá ao visado de ningún outro documento facturado ao debedor, considerándose debedor a persoa física ou entidade a quen fora facturado o servizo de visado, ata que se proceda a saldar a débeda.

3. Daráselle a condición de moroso, polo que o COETFG poderá emprender as medidas legais oportunas se así o considera.

12.- TRAMITACIÓN DE COBRO DE HONORARIOS E MEDIACIÓN CLIENTE-COLEXIADO/A

TRAMITACIÓN DE COBRO DE HONORARIOS:

A colexiada ou colexiado poderá solicitar que o Colexio xestione o cobro de honorarios de traballos profesionais visados polo COETFG para un traballo concreto.

Será indispensable, que a colexiada ou colexiado teña subscrito coa empresa, sociedade ou particular, unha folla de encargo ou contrato de servizos que acompañará obrigatoriamente co documento a visar ou ben a visará de forma independente. Sendo esta indispensable para a defensa dos dereitos da colexiada ou colexiado.

Unha vez recibida por escrito a solicitude da colexiada ou colexiado no COETFG, iniciarase a xestión do cobro, remitíndolle ao cliente a carta de aviso de pago.

O Colexio porá a disposición do colexiado os honorarios en prazo inferior a sete días laborables dende a data de ingreso.

En caso de impago, o Colexio efectuará as correspondentes reclamacións amistosas, cunha duración máxima de dous meses dende a data de visado, en cuxa data pasará aos Servizos Xurídicos do Colexio.

Documentación Requirida:

1. Solicitude dirixida ao COETFG, na que require o servizo de cobro de honorarios a través do mesmo.
2. Folla de encargo ou contrato entre as partes, asinada e visada e onde se indiquen os datos de contacto do cliente, os honorarios profesionais que se cobrarán polo colexiado ao cliente.
   Dita folla recollerá ademais o compromiso do cliente de aboar os honorarios previa a recollida do documento visado.
   Ademais por separado, se sinalarán os custes de visado do documento do que se trate, e se especificará que parte se fai cargo de aboar ese importe (cliente ou colexiado).
3. Autorización ao COETFG para efectuar as xestións oportunas.
4. Documento visado.
   Unha vez visado o traballo profesional o colexiado deberá enviar os exemplares en formato papel visados e asinados ao COETFG para a súa entrega ao cliente, no caso de entrega dixital requirirase que o documento estea correctamente asinado co "Certificado Dixital da FNMT" ou ben co "DNI electrónico".
5. Factura de honorarios.

Procedemento:

1- Visado do documento, segundo procedemento indicado na presente normativa.
2- Depósito da documentación requirida para a xestión de cobro de honorarios.

3- O COETFG contactará co cliente, poñendo á súa disposición o traballo visado e dándolle traslado da factura de honorarios e si procede da factura de visado, xunto co número de conta correspondente para efectuar o ingreso.
4- Unha vez recibido o importe dos honorarios e de visado por parte do cliente, e no prazo de 7 días o COETFG procederá a poñer o importe a disposición da ou do colexiado, deducindo a tarifa do servicio e enviando a correspondente factura á colexiada ou colexiado.
4- Transcorridos 15 días, e no caso de que o cliente non fixera o pago correspondente, o procedemento pasará a reclamación.

MEDIACIÓN ENTRE CLIENTE – COLEXIADO/A (RECLAMACIÓNS):

O COETFG, poderá resolver por escrito nun documento denominado LAUDO as discrepancias xurdidas entre a ou o Técnico e a ou o cliente, quedando en todo caso aberta a vía xudicial ordinaria.

O Colexio non procederá ao visado de ningún traballo en caso de duplicidade de encargo, en tanto non se aclaren os lexítimos dereitos.

Procedemento:

1- Requirimento por escrito, coa advertencia do procedemento legal a seguir.

2- En caso de que o cliente non proceda ao pago, a Asesoría Xurídica informará ao colexiado dos custes dos trámites xudiciais, que correrán ao seu cargo, facilitaralle un presuposto e de ser aceptado polo colexiado ou colexiada, continuará o trámite da reclamación.

13.- SUBSTITUCIÓNS, INTERFERENCIAS E OUTRAS INCIDENCIAS

Ningún Enxeñeiro ou Enxeñeira poderá substituír a outro na redacción dun documento profesional, na dirección dunha obra ou na coordinación de seguridade e saúde duna obra sen obter previamente a regulamentaria autorización deste.

Dita autorización, coas sinaturas orixinais, deberá presentarse no Colexio para continuar os trámites correspondentes.

O Colexio realizará as comprobacións oportunas antes de proceder á aceptación dun visado ou dilixenciado de libros que se atope nesta situación.

No caso de cese nunha dirección de obra ou dunha coordinación de seguridade e saúde, deberá quedar reflectida a finalización da actividade profesional na correspondente folla do libro.

13.1.- SUPOSTOS CONTEMPLADOS:

Para que o COETFG continúe cos trámites de visado e dilixenciado de libros no caso de que un profesional colexiado ou colexiada substitúa a outro, deberá acontecer algún dos seguintes supostos:

(1) Existencia dunha renuncia ou venia do primeiro enxeñeiro ou enxeñeira.
(2) Existencia dunha rescisión do contrato ou relación laboral do primeiro enxeñeiro ou enxeñeira, por parte do cliente ou empresa/entidade.
(3) Falecemento, incapacitación, inhabilitación legal ou incompatibilidade profesional do primeiro enxeñeiro ou enxeñeira para continuar dito traballo.
(4) Ter transcorrido máis de dez anos dende a última comunicación, presentación de fase ou achega de documentación ao COETFG, relativa ao traballo que se pretende continuar, subscrita polo primeiro enxeñeiro ou enxeñeira.
(5) Transmisión dos terreos ou bens obxecto do encargo a outra persoa física ou xurídica distinta da que realizou ó encargo o primeiro enxeñeiro ou enxeñeira.

13.2.- PROCEDEMENTO A SEGUIR:

En base aos supostos descritos no apartado anterior, a continuación expóñense por orde correlativa, os procedementos a seguir en cada caso:

(1) O primeiro enxeñeiro deberá achegar ás oficinas do COETFG, a súa renuncia por escrito e coa sinatura orixinal. O COETFG tamén aceptará, por escrito e coa sinatura orixinal, a venia do segundo enxeñeiro ou enxeñeira.
(2) Requirirase a comunicación do cliente ou empresa, da situación de rescisión do contrato, a través dun documento que acredite este feito.

(3) O profesional que substitúe ou ben o cliente, deberá presentar a comunicación oportuna o COETFG, por escrito e coa sinatura orixinal.
(4) Requirirase a presentación da solicitude de substitución, indicando os motivos da mesma.
(5) Requirirase a presentación da solicitude de substitución, indicando os motivos da mesma, así como o documento que acredite dita situación.

14.- RESERVA DO VISADO E PROPIEDADE INTELECTUAL

Os traballos visados teñen carácter reservado.

Os traballos cuxos honorarios teñan sido satisfeitos por un cliente serán da súa propiedade para uso restrinxido para o que foran encargados.

As ideas, descubrimentos, estudos, publicacións e demais documentación que conteñen os traballos elaborados polos profesionais colexiados ou colexiadas, son da súa propiedade intelectual, salvo pacto expreso en contra, e conforme á lexislación vixente.

15.- ARQUIVO DE EXPEDIENTES E ACCESO Á DOCUMENTACIÓN

ARQUIVO DE EXPEDIENTES:

O arquivo colexial dos expedientes resultantes do visado atenderase no seu funcionamento á normativa estatal ou autonómica reguladora dos arquivos administrativos.

En particular, as solicitudes de acceso á documentación arquivada, cando non medie requirimento formal de autoridade xudicial ou administrativa competente, precisarán a acreditación polos solicitantes dun interese directo e lexítimo, e deberán ser previamente comunicadas polo Colexio á enxeñeira ou enxeñeiro autor ou autores do mesmo.

ACCESO Á DOCUMENTACIÓN:

O acceso aos documentos visados, depositados no COETFG, poderá efectuarse por quen acredite un interese lexítimo e directo no expediente, de conformidade coa lexislación sobre o dereito de acceso aos documentos de carácter nominativo depositados en arquivos administrativos e á normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

O Colexio poderá incorporar a consulta pública, os traballos visados cando as ou os propietarios dos dereitos de autor así o autoricen expresamente.

Requirimentos para o Acceso á Documentación:

- Documento de autorización asinado polas persoas propietarias do documento.
- No caso de tratarse de entidades que conten con representante legal, deberá presentarse o documento que acredite dita representación.

16.- RECURSOS PREVIOS Á VÍA XUDICIAL

As persoas colexiadas ás que se lles negara o visado ou se requirira a súa modificación, poderán presentar no prazo de 15 días naturais as alegacións oportunas, que serán resoltas pola comisión de visado nun prazo máximo de 30 días naturais.

Se o colexiado non estivera de acordo coas xustificacións reflectidas pola comisión de visado, poderá dirixir escrito nun prazo de 15 días, a Decana ou Decano do Colexio, co fin de que resolva sobre o particular nun prazo máximo de 30 días. Durante este tempo entenderase en suspenso a tramitación do expediente.

Unha vez resolva a Decana ou Decano, a persoa colexiada terá aberta a vía xudicial aos efectos de interpor o recurso que entenda procedente.

ANEXO I

DECLARACIÓN XURADA PARA TRÁMITES DE VISADOS E DILIXENCIADO DE LIBROS

COLEXIO OFICIAL DA ENXEÑARÍA TÉCNICA FORESTAL DE GALICIA
R/ SÁNCHEZ FREIRE, Nº 64 – Baixo dereita
15706 SANTIAGO DE COMPOSTELA
E-mail: coetfoga@forestaisgalicia.es
Telf.: 981/520077

DECLARACIÓN XURADA PARA TRÁMITES DE VISADO

DON/DNA_____,

con número de colexiado/a _____, e domicilio profesional aos efectos de notificacións en _____

realiza a seguinte

DECLARACIÓN XURADA

Que aos efectos do cumprimento do disposto na normativa de visado do COETFG manifesta que na data da sinatura desta declaración cumpre cos requisitos que a continuación se sinalan:

1.- Non está incurso en causa de incompatibilidade legal das previstas nos Estatutos do COETFG.

2.- Cumpre cos requisitos establecidos para o exercicio da profesión, incluíndo as obrigas fiscais e coa seguridade social.

Asemade o colexiado asinante comprométese a informar ó colexio das modificacións que ó respecto se produzan durante o ano en curso e aportará, no caso de ser requirido o efecto, da documentación acreditativa do cumprimento das anteriores circunstancias.

En proba de conformidade, asina en _____a día ____de _____ de 2_____

Asdo: O/A Colexiado/a

RESPONSABLE: Colexio Oficial da Enxeñaría Técnica Forestal de Galicia (COETFG), CIF: Q-655.00.34-J. Dirección postal: R/ Sánchez Freire, 64 Baixo Dta. 15706 – Santiago de Compostela (A CORUÑA), Teléfono: 981/520077. Enderezo electrónico: coetfoga@forestaisgalicia.es. **Delegado de Protección de Datos**: Prodasva Consultoría y Gestión, S.L., Teléfono: 984283532, Enderezo electrónico: delegadoprotecciondatos@prodasva.org.
